

E... QUE PASA NO INSTI POLA TARDE

Ola a todos e todas. Nós somos un grupo de alumnos do IES coma vós, pero cunha pequena diferenza: que vimos pola tarde. Cando vós estades na casa merendando, estudando, vendo a tele ou xogando, nós estamos aquí....TRABALLANDO!!!

E todo ten as súas vantaxes e inconvenientes. Na nosa opinión, vir pola mañá é moito máis difícil e hai máis materias. Pero vindo pola tarde non tes tempo de divertirte. E vós preguntaredesvos: "E logo...que fan estes polas mañás?". Pois temos que traballar. Estamos facendo un Programa de Garantía Social (P.G.S.) na modalidade de Programa de Iniciación Profesional (P.I.P.), que consiste en aprender un oficio. Pola mañá imos ás empresas a facer prácticas de algo que nos gusta: fontanería, soldadura, axuda e asistencia no domicilio, electricidade. E pola tarde vimos facer as materias teóricas do P.I.P de 15:30 a 18:00, e de 18:10 a 21:30 facemos as materias de E.P.A. Estar matriculado no P.I.P. é un requisito imprescindible para poder facer a modalidade de ESO para adultos (E.P.A.) e poder sacar o título de Graduado en ESO, xa que nós non temos aínda os 18 anos. E tamén, grazas ao P.I.P., podemos facer os exames para acceder a un Ciclo Medio.

O traballo que desenvolvemos pola mañá ábrenos a porta dunha profesión que nos gusta. A nosa experiencia foi boa porque aprendemos moitas cousas. Pero tamén aprendemos que o



traballo é moi duro. Hai que madrugar, cumprir un horario, e non temos un soldo como pensades algúns de vós. Alí imos a aprender, que é o que realmente nos importa.

Este curso xa está rematando e todos temos unha morea de anécdotas que contar e xa podemos dicir que tamén "certa experiencia" no traballo, cada un no seu. Para o ano que vén algúns seguiremos estudando pola tarde

para poder sacar o título de Graduado en Secundaria; outros estaremos facendo un Ciclo Medio e outros xa estaremos traballando. E todos nós dando un paso adiante cara o noso futuro profesional. Posiblemente, moitos de nós non sigamos estudando porque, dicindo a verdade, estudar, ...estudar,...non é o que máis nos gusta e preferimos traballar.